



Concello de Meaño

ACTA DA UNIDADE TECNICA CONVOCADA PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NA LICITACIÓN DA OBRA “ENSANCHE E MELLORA DE VIAIS EN DADIN (DENA) E FREIXEIRO (LORES)”

Na Casa Consistorial de Meaño, ás 12:09 horas do día 07/09/2026 reúnese a Unidade Técnica, convocada mediante Resolución da Alcaldía de data 04/09/2026, nº 2026-0527, integrada por:

D^a Beatriz López de Castro García, secretaria-interventora:

D. Antonio Vázquez Rosales, arquitecto municipal.

D^a Pastora Castro Lema, administrativa, como secretaria.

Constituída a Mesa se procede a apertura das proposicións presentadas na convocatoria de licitación da obra “ENSANCHE E MELLORA DE VIAIS EN DADÍN (DENA) E FREIXEIRO (LORES)”

A convocatoria de licitación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, da obra “Ensanche e mellora de viais en Dadín (Dena) e Freixeiro (Lores)” foi publicada no perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o día 20/08/2026 (ID 828958), cun prazo de presentación de ofertas de dez días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación no perfil de contratante do anuncio de licitación; rematando o prazo de presentación de ofertas ás 9:00 horas do día 04/09/2026.

De seguido, accédese ao Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, para á apertura das proposicións das empresas presentadas, que son as seguintes:

Empresa	Data de presentación	Hora
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	01/09/2026	11:39
OTERO FORESTAL S.L.	03/09/2026	09:30

Desencriptadas as ofertas, procedese á verificación da sinatura do documento a través da plataforma SILEX.

Acto seguido comprobase a documentación presentada polas empresas participantes e a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresa Clasificadas do Sector Público e/ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, constatase:

1.-CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., consta inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma co nº 182, e a documentación se axusta ao esixido no PCAP que rexe nesta contratación.

2.-OTERO FORESTAL S.L., consta inscrita no ROLECE co nº B36358067, non constando no





Concello de Meaño

certificado do ROLECE especificado o obxecto social, e figurando as seguintes clasificación, non relacionadas co obxecto da presente licitación:

Grupo	Subgrupo	Categoría
K- Especiales	06- Jardinería y plantaciones	1
O- Servicios de conservación y mantenimiento de BI	06- Conservación y mantenimiento de montes y jardines	1

A mesa de contratación por unanimidade, e de conformidade co artigo 66 da LCSP, acorda requirir a empresa OTERO FORESTAL S.L para que, no prazo de tres días hábiles a contar dende a recepción da comunicación, acredite mediante escritura pública de constitución da sociedade e/o escritura/s de modificación da mesma, que as prestacións obxecto deste procedemento de contratación están comprendidas dentro dos seus fines, obxecto ou ámbito de actividade.

Dándose por rematada a mesa de contratación, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade asinan dixitalmente os/as participantes.

